

fecciona a parte correspondente ó galego do *Atlas Linguistique Roman*, dirixido por Gaston Tuillon e Michel Contini, no que tamén colaboran Manuel González, Antón Santamarina e Francisco Fernández Rei. Así pois, o material do *ALGa* permitirá tamén comproba-la personalidade diferenciada do galego dentro do cadro das linguas peninsulares e das románicas no seu conxunto.

Tendo en conta a abundancia das informacións lingüísticas achegadas, a súa utilidade para a estandarización do idioma, e ademais o prestixio que unha obra desta calidade lle confire a unha lingua entre os especialistas, non resulta esaxerado considerar, como xa avanzamos ó comezo desta reseña, que o *Atlas* constitúe unha obra singular dentro dos estudos de lingüística galega.

X. L. REGUEIRA

Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca, *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*. MDGA, [Eilao], 1990. IX + 119 pp.

Ata o momento presente o proceso de normalización da lingua galega unicamente afectou ó territorio circunscrito polas fronteiras administrativas de Galicia, quedando o galego exterior bastante esquecido entre as minorías activas da cultura galega, enfrontado a atrancos administrativos e legais aparentemente insuperables, e abandonado polos poderes galegos, a pesar de que o artigo 21.2. da Lei de Normalización Lingüística encomenda ó goberno galego "protexe-la lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma". Pero nos últimos anos empezaron a mobilizarse colectivos tanto nos concellos da Terra Navia-Eo coma no Bierzo e nas Portelas de Sanabria, demandando respecto e recoñecemento oficial da súa lingua propia, a galega. Destes colectivos o pioneiro foi o "Grupo Eilao Pro-Defensa da Nosa Lingua", creado en 1986, xermolo da MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca), que se constituiu en 1988.

A MDGA, ademais de defende-lo patrimonio ecolóxico, histórico e etnográfico, vén desenvolvendo desde o seu nacemento unha intensa actividade encamiñada a esperta-la conciencia lingüística da poboación da Asturias de fala galega, en demanda da normalización plena da súa lingua, como se afirma nas *Normas*, recentemente editadas:

"mui modestamente, pero con muita ilusión, pretendeu desde a súa constitución contribuír á recuperación da conciencia idiomática del occidente e á dignificación del uso da lingua propia, feitos previos, ou polo menos simultáneos, á necesidade dunha norma lingüística"; (Limiar, III).

Xa desde os comezos o Grupo Eilao, e posteriormente a Mesa, contou coa colaboración de lingüistas do ILG, coa da MNL (Mesa para a Normalización Lingüística) e doutras persoas e colectivos galegos. Froito desa colaboración son as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, elaboradas por unha comisión da MDGA de

lingüistas de Asturias e Galicia. As *Normas* supoñen un avance cualitativo moi importante xa que "pretenden ser unha ferramenta pra introducir a nosa lingua nas escolas, na administración, nos medios de comunicación, etc.; e á vez de referente para que os nosos escritores intenten unificar no que seña posible os seus escritos" (Limiar, IV).

Esta normativa toma como base as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* do ILG/RAG, do mesmo xeito que, din os seus autores, "el catalán da Comunidade Valenciana, das Illas Baleares, del Rosellón Francés e da vila sarda de Algher tein (ou deben ter) como referente as normas ortográficas e morfolóxicas del IEC (Institut d'Estudis Catalans)." (Limiar, VII). Sen embargo isto non empece que se respecten coidadosamente as solucións lingüísticas propias das falas occidentais de Asturias, entre elas a terminación *-in/-ía*: *toucín, vecín/vecía*, os plurais das palabras rematadas en *-n*: *cais, calzois*, o artigo *el* e as súas contraccións: *al, coel, del* e *prat*, formas verbais coma *femos, fedes, fain, fía* (v. *fer*), *uzco, ouguides, ouguía* (v. *ouguir*), *quira* (v. *querer*), *tremos, tredes, tría* (v. *trer*), etc. E o mesmo respecto pode verse en escollos léxicos coma *cuza* ou *canza* (fem. de *can*), á par de *cadela, a bruita, a sapagueira*. O achegamento á lingua falada é imprescindible para que os falantes poidan identificarse coa Norma lingüística proposta; así e todo os mesmos autores advirten que se trata dunha normativa de compromiso, que non supón a renuncia a que o galego de Asturias se integre no galego común e a que, á súa vez, o enriqueza coas súas aportacións.

O esforzo e a constancia nas demandas de normalización fixeron que a MDGA leve conseguido importantes éxitos en Asturias, encontrando unha resposta social que parece prometedora, a pesar das evidentes dificultades. Dentro desa traxectoria, a MDGA vai celebrar nos próximos días 16 e 17 de decembro as *I Xornadas da Lingua e da Cultura Galega de Asturias* en Grandas de Salime, baixo o lema "Na busca das raíces da Terra Navia-Eo", e en homenaxe a Dámaso Alonso, estudioso das falas deses Concellos.

Agora, coa publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias* acábase de dar un paso de primeira importancia para a estandarización e a normalización do galego de Asturias, e polo tanto da lingua galega en xeral, pois a plena normalización nesa franxa do "galego exterior" ten que considerarse coma un aspecto máis da total normalización do galego.

R. M. LÓPEZ GATO

*Revista de Llengua i dret* nº 13, decembro de 1989, Escola d'administració pública de Catalunya.

Cunha estrutura idéntica á do número anterior (v. *Cadernos da lingua* nº 1), aparece o correspondente ó segundo semestre do pasado ano, baixo este esquema que se vai consolidando como habitual: unha primeira parte que recolle os relatorios das